

Condicións de uso e Política de Privacidade

Versión 4/01/2017

Condicións de uso

1. Calquera usuario dos nosos servizos esta de acordo con estas condicións na súa totalidade, e confirma a súa anterior lectura.

2. Iugher así como os seus donos e representantes, non se fai responsábel de: Calquera tipo de perdas de datos, contas, ou danos causados polos nosos servizos.

3. É unha obriga informar de calquera tipo de fallo de seguridade ou uso indebido.

4. O incumprimento de calquera das condicións será castigado/a coas medidas escollidas pola dirección.

5. Estas condicións poden variar periodicamente sen necesidade de aviso ou consentimento do usuario. É responsabilidade do usuario, en última instancia, de estar ao corrente destas condicións e políticas de privacidade.

6. O uso da conta supón aceptar as nosas condicións e cumprilas.

7. Esta terminantemente prohibido o SPAM, abuso de poder*, maltrato, acoso e exceso de repetición. O incumprimento desta condición será castigado coa eliminación PERMANENTE da conta.

8. Se vostede incumpre a condición 7, ca revisión do noso equipo e verificación de dito incumprimento e coa decisión do noso equipo, acepta o cese dos seus datos para que a policía/afectado/a tome as medidas oportunas.

9. Vostede é o único responsable da súa contrasinal, así como do seu correo.

10. Vostede é responsable das imaxes subidas aos nosos servidores, se entra en conflito con algún autor por dereitos de copyright ou cun titor legal por subida de imaxes dun menor sen o consentimento expreso, vostede será o único responsable.

11. Non nos facemos responsables de calquera perda de datos.

12. O proceso de borrado de conta pode durar entre un e dous meses.

13. Non pode reportar a un usuario sen probas suficientes.

Considerarase SPAM cando:

- Ten máis de 5 lughs dirixidos a vostede co mesmo contido ou parecido
- Lle lughes periodicamente
- Lle envíe contido de dubidosa procedencia
- Sexa unha conta que se dedica exclusivamente a enviar o mesmo tipo de lughs a diversos usuarios sen un patrón claro.

Considerarase acoso cando:

- Vostede manifieste inconformidade e dito usuario lle siga enviando lughs.
- Teña máis de 20 lughs de esa persoa en menos de 12 horas.

-Lle envíe contido relacionado con “Sexo”, “Accións vandálicas” e “Drogas”

Considerarase maltrato cando:

- Lle envíe ameazas de calquera tipo
- Lle envíe constantemente insultos graves ou acusacións incorrectas

Considerarase abuso de poder cando:

- Pida aos seus seguidores que lugheen a un usuario en específico en ton despectivo
- Pida aos seus seguidores que reporten en masa a un usuario en específico
- Pida aos seus seguidores que manden calquera tipo de SPAM ou publicidade enganosa.

Considerarase exceso de repetición cando:

- Envíe un ou máis lughs diarios ou semanais a unha persoa en específico.

14.Ao facerse unha conta nun dos nosos servizos vostede confirma ser maior de idade, do contrario necesita a aprobación dos seus respectivos titores. lugher non se fai responsable do que fagan os menores sen o consentimento dos seus titores legais.

15.lugher non se fai responsable do gasto de datos de internet(Ao ser contratado con limitacións de descarga). Se o usuario ten unha tarifa limitada, lugher non se fai responsable do seu posible consumo.

16.lugher non se fai responsable do uso ilícito dos nosos usuarios. Calquera acto ilícito debe ser reportado, e polo tanto o autor do acto expulsado da rede.

17.Non se admite ningún tipo de suplantación de identidade, as contas que incumplan esta condición serán borradas ao momento da notificación.

18.Non se permiten comentarios machistas, xenófobos, homófobos.

19.lugher gárdase o dereito de facer calquera tipo de acción sen o permiso dos usuarios, así como a propia eliminación deles.

20.lugher non garante o completo borrado de ningún dato subido a os nosos servidores.

Política de privacidade

1.Os seus datos como: Nome, apelidos, sexo e e-mail non serán publicados voluntariamente de ningún xeito. A non ser do incumprimento da condición 7, polo que se podería aplicar a condición 8.

2.A súa contrasinal está codificada en MD5 (<http://es.wikipedia.org/wiki/MD5>) Polo tanto a súa descodificación resulta infactible.

3.Calquera dato/imaxe ou arquivo subido aos nosos servidores no caso de algún ataque informático e no caso de que sexan vulnerábeis, non será responsabilidade nosa.

5.Estas políticas de privacidade poden ser alteradas sen necesidade de aviso ou consentimento por parte do usuario.